

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****MONDARIZ-BALNEARIO****Persoal, oposicións**

*BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A EXECUCIÓN DA FUNCIONARIZACIÓN DAS PRAZAS DESEMPEÑADAS POR PERSOAL LABORAL FIXO*

*ANUNCIO*

Por Resolución de Alcaldía de data 18 de decembro de 2018, aprobáronse as seguintes bases e a convocatoria do concurso-oposición restrinxido para o acceso á función pública do persoal laboral do Concello, para a funcionarización das prazas de encargado persoal de oficios varios, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría encargado, e de oficial de oficios varios, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial.

Bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos para a execución da funcionarización das prazas desempeñadas por persoal laboral fixo. Disposición transitoria segunda do Estatuto Básico do Empregado Público e disposición transitoria primeira da LEPG.

*I.—BASES XERAIS**1.—OBJECTO E ASPECTOS XERAIS*

As presentes bases xerais rexerán nos procesos selectivos que convoque o Concello de Mondariz Balneario, xunto coas bases específicas, para executar o proceso de funcionarización do persoal laboral fixo, segundo o disposto polo acordo do Pleno da Corporación do 13 de setembro de 2018, aprobatorio da modificación do Cadro de Persoal do concello de Mondariz Balneario.

As especificidades e características do proceso selectivo regúlanse nas bases específicas.

*2.—LEXISLACIÓN APLICABLE*

Ao proceso de funcionarización seralle de aplicación o establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (EBEP); na Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes do Réxime Local, e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, xunto coas demais normas regulamentarias vixentes de desenvolvemento, e superporámete o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.



Luns, 7 de xaneiro de 2019

Núm. 4

### 3.—REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os requisitos que deseguido se indican:

a).—Ter a condición de persoal laboral fixo do Concello de Mondariz Balneario e atoparse na situación de servizo activo, en excedencia ou en incapacidade permanente con reserva do posto de traballo.

b).—Posuír a titulación esixida nas bases específicas de cada proceso selectivo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente credencial que acredite a súa homologación.

c).—Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin encontrarse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo ata a toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

### 4.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde presidente do Concello de Mondariz Balneario, durante o prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, no modelo oficial que se facilitará nas oficinas do Concello e na páxina web <https://www.mondarizbalneario.es>.

As solicitudes remitiranse na forma que determina o artigo 16 e disposicións concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para a avaliación da fase de concurso, os méritos relativos aos servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo neste Concello e ás probas selectivas superadas para o acceso a tal condición acreditaranse de oficio.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía aprobará no prazo máximo de dez días as relacións de admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincial, establecéndose un prazo de cinco (5) días aos efectos de reclamacións e corrección de deficiencias, segundo o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015. Se as houberse, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución da Presidencia que aprobe a relación definitiva de admitidos e excluídos e que determinará o lugar, data e hora do comezo do primeiro exercicio das probas selectivas, así como a relación nominal dos membros que compoñerán os Tribunais Cualificadores, todo o que se publicará igualmente no Boletín Oficial da Provincia.



### 5.—*TRIBUNAIS CUALIFICADORES*

Os tribunais constarán dun presidente, tres vogais e un secretario, que haberán de cumprir os requisitos sinalados no art. 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa aplicable. A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase á paridade entre muller e home.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas selectivas correspondentes, limitándose os ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Así mesmo, poderán designar auxiliares colaboradores en número suficiente que permita garantir o correcto e normal desenvolvemento dos procesos.

Os tribunais terán a categoría e o dereito de percibir as contías correspondentes, de conformidade co disposto no R.D. 462/2002 e lexislación complementaria.

Os membros dos respectivos Tribunais Cualificadores deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas e haberán ser funcionarios de carreira que pertencen ao mesmo ou superior grupo/subgrupo de entre os previstos no artigo 76 da Real decreto legislativo 5/2015, en relación co grupo/subgrupo no que se integren as respectivas prazas.

### 6.—*SISTEMA DE SELECCIÓN*

O sistema selectivo será o de concurso-oposición, segundo establecen a disposición transitoria 2ª do EBEP e a disposición transitoria 1ª da LEPG. Os méritos avaliábeis na fase de concurso, servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e probas selectivas superadas para acceder a esta condición segundo as mesmas disposicións, así como as probas nas que consista a fase de oposición serán establecidos nas correspondentes bases específicas.

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar a fase de oposición.

### 7.—*COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA FASE DE OPOSICIÓN*

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento, sendo excluídas da oposición as que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas libremente apreciados polo Tribunal correspondente. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio no que non comparecesen.

A actuación das persoas aspirantes naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, realizarase pola orde alfabética segundo a primeira letra do apelido que resulte do sorteo ao que se refire o artigo 9 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.



Luns, 7 de xaneiro de 2019

Núm. 4

As persoas aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do Documento Nacional de Identidade no momento do chamamento, podendo os membros ou colaboradores do Tribunal esixir a súa exhibición en calquera momento ao longo da realización da correspondente proba.

O contido e desenvolvemento de cada proba e os programas determinaranse nas correspondentes bases específicas.

Os Tribunais Cualificadores adoptarán as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto de tempos como de medios nos procesos selectivos, que sexan necesarios para as persoas aspirantes con discapacidade, cando así se tivera indicado na solicitude para participar no proceso selectivo.

#### *8.—RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS*

Finalizada a cualificación das persoas aspirantes, os Tribunais publicarán no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello, as relacións de aprobados pola orde de puntuación final total obtida no respectivo proceso, elevándoas á Alcaldía, como órgano competente para os nomeamentos correspondentes.

As persoas propostas terán que presentar unicamente dentro do prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación do resultado final das probas antes referida, o título académico esixido na respectiva base específica, sen que teñan que xustificar documentalmente os demais requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento/contrato, podendo ser requiridos para que completen, de ser o caso, a documentación existente.

#### *9.—NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN*

As persoas aspirantes propostas que presenten a documentación preceptiva serán nomeadas funcionarias de carreira pola Alcaldía, e deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes a partir da publicación do tal nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

O persoal laboral que non supere o proceso selectivo correspondente ou decida permanecer no réxime laboral non concorrendo ao dito proceso, continuará no posto de traballo que desempeñe, sen que se modifique a natureza xurídica da súa relación coa Deputación da Coruña.

#### *10.—PRAZAS OBXECTO DO PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN*

##### **1.—Denominación: Encargado persoal de oficios varios**

Número de prazas: 1

Grupo: C2

Escala: Administración especial.



Luns, 7 de xaneiro de 2019

Núm. 4

Subescala: Servizos especiais.

Clase: Persoal de oficios.

Categoría: Encargado.

Xornada: Completa.

Nivel CD: 12

Complemento Específico: 2.100,00 € anuais

## **2.—Denominación: Oficial de oficios varios**

Número de prazas: 1

Grupo: C2

Escala: Administración especial.

Subescala: Servizos especiais.

Clase: Persoal de oficios.

Categoría: Operario.

Xornada: Completa.

Nivel CD: 12

Complemento Específico: 350,00 € anuais

### *11.-BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FUNCIONARIZACIÓN DAS PRAZAS OCUPADAS POR PERSOAL LABORAL FIXO*

1ª.—Obxecto. O obxecto do proceso selectivo é a cobertura das prazas desempeñadas por persoal laboral fixo, segundo se especifica no punto anterior.

2ª.—Titulación. Estar en posesión do Título recollido no Anexo I para cada unha das prazas convocadas.

3ª.—Requisito específico. Desempeñar como persoal laboral fixo o posto de adscrición á praza convocada.

4ª.—Proceso selectivo.

FASE DE CONCURSO. A puntuación máxima total desta fase será de 20,00 puntos, segundo o seguinte baremo de méritos:



Luns, 7 de xaneiro de 2019

Núm. 4

a).—Servizos efectivos prestados no Concello e Mondariz Balneario fixo nas prazas e postos que deron lugar ás que son obxecto desta convocatoria, 0,50 punto por ano completo de servizos, ata un máximo de 15,00 puntos.

b).—Probas selectivas superadas para acceder á condición de persoal laboral fixo na Concello de Mondariz Balneario: 5 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN. A puntuación máxima total desta fase será de 40,00 puntos, sendo a puntuación mínima para aprobar de 20,00 e constará dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio obrigatorio e eliminatorio: consistirá en resolver por escrito no tempo máximo de una (1) hora un cuestionario tipo test co número de preguntas que se especifica no anexo II para cada unha das prazas e con tres (3) respostas alternativas cada unha, sobre as materias contidas no programa da convocatoria, elaborado polo Tribunal antes do comezo da proba.

Valorarase de 0 a 40, sendo necesario obter 20 puntos para superar o exercicio.

Segundo exercicio obrigatorio: consistirá na tradución dun texto que propoñerá o tribunal, do castelán ao galego e outro do galego ao castelán, no tempo máximo total dunha (1) hora. Estarán exentos de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír o curso de iniciación ou Celga 3, o que deberán acreditar presentando o diploma correspondente (orixinal ou copia compulsada) xunto coa instancia.

Os exercicios da proba poderán realizarse conxuntamente a tódolos aspirantes que participen nos procesos selectivos.

### ANEXO I

Titulación requirida para cada unha das prazas convocadas:

PRAZA	TITULACIÓN
Encargado persoal de oficios varios	Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente
Oficial persoal de oficios varios	Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

### ANEXO II

Número de preguntas do cuestionario do primeiro exercicio por grupo/subgrupo ao que pertenza a praza obxecto de convocatoria:

GRUPO/SUBGRUPO	Nº DE PREGUNTAS
C2	20



*ANEXO III**PROGRAMA*

Tema 1.—A Constitución Española de 1978: Estructura e contido. Principios Xerais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.—A Organización territorial do estado na Constitución: Comunidades Autónomas e Administración Local. Esquema Xeral. As Comunidades Autónomas. A Administración Local.

Tema 3.—O acto administrativo. Concepto. O procedemento administrativo xeral. Concepto e principios xerais.

Tema 4.—A administración local. Entidades que comprende.

Tema 5- O municipio. Organización municipal. Competencias.

Tema 6.—O persoal ó servizo das Administracións Públicas: os empregados públicos. Estatuto Básico do Empregado Público. Clases de empregados públicos. Acceso ao emprego público.

Tema 7.—Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Tema 8.—Prevención de Riscos Laborais. Principios básicos de prevención.

Tema 9.—Os orzamentos locais: Concepto. Contido do orzamento xeral. Anexos ao orzamento xeral.

Tema 10.—Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereitos e deberes dos veciños no ámbito local.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, nos termos e prazos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Mondariz Balneario, data á marxe.—O alcalde, Asdo.: José Antonio Lorenzo Rodríguez.

